

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Xosé María Álvarez Blázquez no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Ricardo Carballo Calero, a Xosé María Álvarez Blázquez do 07/04/1967

Colección:

Data: 07/04/1967

De:

Ricardo Carballo Calero;

Para:

Xosé María Álvarez Blázquez;

Orixe:

Lugo (municipal), Lugo (comarcal), Lugo (provincial)

Destino:

Oviedo (local), Asturias (provincial), Asturias (de comunidade autónoma)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita]

Localización física:Arquivo persoal de X. M. Á. B.

Temáticas:

Epistolario de Ricardo Carballo Calero; Artes; Literatura;

Mencionados:

Ramón María Valle-Inclán;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Ricardo Carballo Calero, a Xosé María Álvarez Blázquez do 07/04/1967

Lugo, 7 abril 1967

Sr. Don Xosé María Álvarez Blázquez
Oviedo

Meu querido amigo: os sete cursos de alumnos que teño que controlar antre o Instituto e a Universidade, mais os traballos anexos, impedíronme ate hoxe che dar conta das xestións que realicéi sobor das consultas bibliográficas que me encargaches. (Como non che teña xa escrito e me teña esquecido de que o fixen, o que creo improbable, pero non imposible, dado o vértigo con que me é preciso pasar dunha cousa a outra). Se que estíveches en Santiago estando eu ausente, e non sei se terás ido pola biblioteca da Universidade. Eu fun de novo e comprobéi que cos dados das papeletas relativas a “papeis varios” non é posible de momento localizar os textos que interesan. Despois de diversas procuras, e de tragnerme cousas que non eran as que buscaba, dixéronme que o falecido bibliotecario Bustamente tiña reorganizado esa sección e que coas referencias que eu daba non era posible achar o que quería. Naturalmente, coido que haberá que aportar máis referencias. Paréceme que o mellor será que fagas ti persoalmente unha nova xestión perto de blibliotecaria cando dispoñas de tempo para pasar algúns días en Santiago i espricar con pelos e sináis todo o que poida dar unha pista se é que tes outras referencias que dar, ou tempo para insistir e agardar que remexan dabondo. Se isto non pode ser, eu volveréi á carga cando se me presente outra ocasión, pero polo de agora non teño conseguido máis que, en definitiva, a resposta de que non achan o que pido. Esto, polo que se refire ao resto das consultas non acraradas, agás a do libro de claustros (e a dos vilancicos do Convento de Menores). Sobre o libro dos claustros deixéi instruccións para que mo busquen, e agardo poder che mirar o material axiña. Do Convento, non adiantei un paso. Teño localizado o libro, e só falta que me poida desprazar a San Francisco nun momento en que esté alí o P. Ouro, con quen teño concertado a consulta.

Polo menos, quero que recibas esta conta rendida das miñas xestións, inda que neste periodo de tempo non teña conseguido resultados positivos. Ve que non deixéi de me coidar do asunto.

Agardando que recibiras a separata de Cadernos relativa a Valle-Inclán, e prometedo novas informacións cando as teña, envíoches unha cordial aperta, o teu bo amigo.

Ricardo.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.